



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea

Curso Académico: Curso 2019-2020

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universitat de València (UV)
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela; Universitat Autònoma de Barcelona; Universidad Autónoma de Madrid; Universidad del País Vasco; Universidad de Zaragoza; Universitat de València; Universidad Complutense de Madrid; Universidad de Cantabria; Universidad Internacional Menéndez Pelayo.
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2006/2007
Data acreditación ex ante (verificación)	19/11/2009
Data renovación acreditación	En curso

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster en Historia Contemporánea é unha titulación interuniversitaria na que participan un total de 9 universidades públicas do Estado. Ademais da USC, fano a Universitat Autònoma de Barcelona, a Universidad Autónoma de Madrid, a Universidad del País Vasco, a Universidad de Cantabria, a Universitat de València, a Universidad Complutense de Madrid e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo. A coordinación do Máster é rotatoria, facéndose cargo da mesma unha das universidades participantes cada ano. Así, no curso 2019/2020 a coordinación do título correspondeu á Universidad del País Vasco (UPV)/Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU).

O perfil formativo/egreso tense mantido na liña dos criterios especificados e adoptados na memoria da titulación. O Máster continúa a ser relevante no entorno socio – económico, académico, científico e profesional da titulación. Hai unha demanda sostida de estudantes procedentes do Grao en Historia, así como unha demanda tamén habitual (e crecente) de estudantes procedentes doutras titulacións con maior ou menor afinidade: Xornalismo; Ciencias Políticas; Humanidades; Historia da Arte; Maxisterio; Ciencias Económicas; Filosofía, etc., aspecto que reafirma a transversalidade do Máster.

Deste xeito, os indicadores que fan referencia á organización e desenvolvemento do Máster, dende o IN01M ao IN13M, amosan que tanto a tendencia como os resultados do curso 2019/2020 continúan a ser satisfactorios.

O número de prazas ofertadas (IN01M) mantense en 21 na USC. O número de alumn@s matriculad@s na USC (INO2M) no curso 2019/2020 foi de 19, o que supuxo un descenso relativo con respecto dos cursos anteriores. O número de novos alumn@s matriculad@s (IN03M – Taxa de acceso) foi de 12,00, o que supuxo unha baixada con respecto do curso inmediatamente anterior, se ben a evolución do número de novos matriculados, sen baixar nunca dos 16 dende o curso 2014/2015, e cun máximo de 20 no curso 2018/2019 presenta unha certa irregularidade, tal e como amosan os datos (IN04M e IN05M) para os seis últimos cursos académicos.

A nota media de acceso (IN06M) mantense estable, aínda que cunha clara tendencia ao ascenso nos últimos seis cursos. En 2019/2020 foi a segunda máis alta (7,45), se ben dende o curso 2015/2016 mantívose sempre por riba de 7,00. A porcentaxe de alumn@s que accederon á titulación cunha nota superior a 6 (IN07M) foi no curso 2019/2020 do 100,00. Nos últimos seis cursos (entre 2014/15 e 2019/20) este parámetro sempre se cumpriu, non sendo no curso 2016/17, cando descendeu ao 93,75%.

Polo que fai á porcentaxe de alumn@s estranxeir@s matriculados no Máster na sede de Santiago de Compostela (IN08M), os datos deste último curso non son satisfactorios (0,00). De feito, nesta sede do Máster, dende o curso 2017/2018 revertiuse a tendencia positiva de anos anteriores (2014/2015 – 2016/2017). Pola contra, á porcentaxe de estudantes doutras CCAA do Estado sobre o total de matriculados amosa nos últimos cursos unha tendencia claramente positiva, acadando no curso 2019/2020 o seu máximo histórico, cunha taxa do 15,79 (IN09M), con estudantes procedentes de Castela e León e de Estremadura.

En canto á taxa de ocupación (IN12M), esta foi do 57,14 no curso 2019/2020, no marco dunha evolución irregular (con picos e descensos marcados) nos últimos seis cursos. Do conxunto d@s matriculad@s, no curso ao que se refire esta auto – memoria, un 73,68 proceden da USC, unha porcentaxe na media do último lustro.

Valoración:

En síntese, tanto a relevancia do título como do perfil formativo/egreso continúan a ser acaídos despois das edicións do Máster celebradas dende a súa posta en marcha en 2006/2007, como amosan os datos ofrecidos no seu conxunto. Isto non significa que a Comisión Académica do Máster, así como o equipo de Coordinación (ambos recentemente renovados) non procuren a mellora dalgúns dos indicadores e o mantemento do alto nivel doutros no que atinxe á sede da USC do Máster e, por extensión, ao conxunto do mesmo.

1.2 – O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao longo dos quince cursos que o Máster leva implantado mantívose, no fundamental, a organización dos módulos, materias e asignaturas definidas na memoria xustificativa que conforme ao RD 56/2005 cada unha das nove universidades presentou aos seus órganos de goberno e ás autoridades das súas CCAA. Como consecuencia da aprobación dun novo marco normativo, o RD 1393/2007 e das normas complementarias publicadas durante 2008, o Máster foi sometido ao proceso de verificación para titulacións de mestrado definido pola ANECA. O Máster obtivo a verificación positiva da ANECA, aprobada por Resolución do Consejo General de Universidades do 15 de xullo de 2009. Este proceso de verificación do Máster foi aproveitado para a introducción de pequenas modificacións na súa estrutura, que non alteraron o deseño orixinal, pero actualizaron o seu plan de estudos. Do mesmo xeito, durante o curso 2011/2012 procedeu á elaboración dunha Memoria de Verificación completa do Máster, de cara á realización dun informe de seguimento do título. Esta circunstancia foi aproveitada para modificar a oferta de asignaturas optativas contidas no Módulo II (coordinado pola Universitat Autònoma de Barcelona – UAB). A proposta de modificación do Plan de Estudos foi informada positivamente pola ANECA con data 3 de maio de 2012. A información relativa á oferta de módulos e materias está disponible tanto na web da USC como na páxina da que a estes efectos dispón o Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://pagines.uab.cat/masterhistoriacontemporanea/content/plan-de-estudios>

Por outra banda, o número de alumn@s do Máster adáptase correctamente á oferta formativa, tanto polo que fai aos créditos obrigatorios, como aos optativos e ao Traballo de Fin de Máster (TFM). As cifras máis elevadas atópanse nas materias obrigatorias (Ensino en Rede e Ciclo de Conferencias) nas que a media de alumn@s matriculad@s por grupo de teoría (IN55M) é de 22,00 para o curso 2018/2019 (a área de calidade da USC non ofrece datos para o curso 2019/2020). O mesmo dato para materias optativas (IN56M) é de 9'23 para grupos de teoría de materias optativas, o que resulta coherente como consecuencia da amplitude da oferta deste tipo de materias. Este dato (IN56M) está, de igual maneira, tan só disponible para o curso 2018/2019. A porcentaxe de estudantes enviados a través de programas de mobilidade pola USC sobre o total de matriculados (IN17M) é descoñecido para o curso ao que fai referencia esta memoria. En todo caso, para o último curso do que dispomos de datos (2017/2018) foi do 0,00. Esta situación non se debe a falta de interese dos e das estudantes matriculad@s por cursar materias optativas ofertadas noutras sedes do Máster interuniversitario, senón a carencia xeneralizada de axudas ou bolsas de mobilidade específicas no marco deste tipo de estudos.

Valoración:

A implantación do Máster axustouse dende o seu comezo (e tamén despois das sucesivas adaptacións/modificacións) á memoria de verificación, ofertándose todos os módulos e asignaturas recollidas na mesma. En canto á mobilidade dos/das estudantes, segundo nos consta polos datos que dispomos relativos á sede da USC, esta variable está a mellorar no curso 2020/2021, no que temos recibido dous estudantes matriculados noutras sedes e que están a cursar presencialmente varias das materias optativas ofertadas pola USC. Por outra parte, a existencia, para todos os alumnos/as matriculad@s neste Máster interuniversitario (156 no curso 2019/2020) dunha materia presencial obrigatoria: “Ciclo de Conferencias” que se desenvolve na UIMP, na súa sede de Santander durante unha semana, obedece precisamente, á vontade do conxunto de universidades por reforzar a dimensión interuniversitaria da titulación.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**Aspectos a valorar:**

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster Inteuniversitario en Historia Contemporánea é un Máster que se imparte en modalidade presencial, polo que a coordinación con outras modalidades non é precisa. Existe un módulo on – line de 5 créditos (curso en rede) que conta cun profesor/a responsable en cada sede e que, a nivel global, é coordinado polo responsable do título na Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) que é a mesma institución que facilita a plataforma informática que posibilita o desenvolvemento das actividades do curso en rede, así como a interacción entre estudantes e profesorado.

A coordinación horizontal entre os/as docentes e os estudantes do Máster na sede de Santiago é responsabilidade dunha Comisión Académica do Máster nomeada polos órganos competentes da universidade e que consta dun coordinador/a, un secretario/a, e seis vogais, cinco membros son docentes do Máster e outro é un/unha representante dos/das estudantes.. Forma tamén parte da Comisión a xestora de Centro. A Comisión reunese en sesión ordinaria cunha periodicidade trimestral.

A coordinación horizontal interuniversitaria, entre as 9 universidades do Estado que forman parte do Máster, realízase a través da Comisión Interuniversitaria do Máster, da que forman parte os/as coordinadores/as de cada sede/universidade, Esta Comisión interuniversitaria reúnense con periodicidade trimestral para as xuntanzas ordinarias, se ben non son estranas as de tipo extraordinario para acometer accións puntuais ou resolver problemas de coordinación.

Non existen prácticas externas a nivel global. Cada sede/universidade pode ofertalas a través do Máster coa condición de que sexan extracurriculares. Na USC, polo que fai ao Máster en Historia contemporánea, estase a proceder á elaboración dunha oferta propia de PAEE (Prácticas Académicas Externas Extracurriculares).

Entre os instrumentos para garantir a correcta coordinación do profesorado cos estudantes debe referirse tamén a realización dunha sesión colectiva presencial, ao comezo de cada curso académico, de presentación do Máster aos estudantes matriculad@s por parte do equipo de coordinación, así como a elaboración e difusión cada curso (mediante correo electrónico) dunha Guía actualizada do Máster para estudantes e docentes. Recentemente (curso 2020/2021) abriuse unha Aula de coordinación do Máster no Campus Virtual da USC, á que teñen acceso todos os/as docentes e estudantes. Do mesmo xeito creouse un Grupo de Microsoft Teams e celébranse sesións de seguimento a estes mesmos efectos.

Valoración:

A coordinación tanto horizontal como vertical considéranse, en liñas xerais, satisfactorias. Iso non implica que non se busquen definir e implementar mecanismos que reforcen e no seu caso melloren a coordinación, en particular dos responsables do equipo de coordinación e do conxunto de docentes, cos e coas estudantes matriculad@s.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster ten os criterios de admisión propios da USC e das outras 8 universidades públicas do Estado que participan en el. Na páxina web do Máster Interuniversitario está tamén dispoñible a información relativa ás condición xerais de acceso:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://pagines.uab.cat/masterhistoriacontemporanea/content/acceso-0>

Acceso

Para acceder a este máster se require estar en posesión de un título universitario oficial español u outro expedido por una institución de educación superior del Espacio Europeo de Educación Superior o extracomunitario que faculte en el país expedidor del título para el acceso a enseñanzas de máster.

Requisitos de admisión

Los requisitos generales de admisión al máster son los siguientes:

- Título previo con el que se accede, primando la posesión de una Licenciatura o Grado en Historia
- Expediente académico para quienes hayan obtenido el título previo en los últimos 5 años

De forma complementaria, se tendrán también en cuenta los criterios siguientes:

- Experiencia investigadora
- Experiencia profesional
- Publicaciones
- Estancias académicas en el extranjero y conocimientos de idiomas
- Obtención de ayudas o becas de investigación

Durante o curso 2019/2020, dos 12 alumnos/as de novo ingreso, 9 (75%) procedían da Titulación Grao en Historia, entanto que 3 (25%) procedían doutras titulacións, en concreto un do Grao en Xornalismo (USC), outra do Grao en Filosofía, Política e Economía da Universidade Autónoma de Madrid (UAM) e finalmente, un estudante do Grao en Xeografía e Historia da Universidade de Vigo.

Non existen complementos de formación nin de nivelación.

Valoración:

Os criterios de admisión considéranse acidos, así como as distintos fases e prazos establecidos para os procesos de matriculación, que se atopan especificados nas páxinas web, tanto a que proporciona a info relativa á sede da USC como na xeral do Máster.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das normativas relacionadas coa permanencia na titulación, cos sistemas de recoñecemento e transferencia de créditos realízase de maneira satisfactoria e de acordo, nesta sede do Máster, co establecido pola USC:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120717/AnuncioG2018-110712-0001_gl.html

<https://www.usc.es/gl/servizos/oiu/recgrao.html>

Non se detectaron problemas de importancia no relativo á avaliación das materias obrigatorias (Ensino en Rede; Ciclo de Conferencias; TFM) e optativas impartidas na sede da USC deste Máster Interuniversitario. A Comisión Académica de Máster non tivo que intervir, no pasado curso 2019/2020 en ninguna cuestión relacionada con problemas ou desacordos na avaliación.

Valoración:

A aplicación da normativa relativa a esta Titulación é acaída.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea é accesible, fundamentalmente, a través de dúas páxinas web, a da USC e a do Máster Interuniversitario, que se atopa aniñada na páxina web da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), prestando a este respecto un servizo complementario ás webs das 9 universidades participantes neste Máster.

Web da USC:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-interuniversitario-historia-contemporanea>

<https://www.usc.gal/gl/admision/master>

<https://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>

<https://www.usc.gal/gl/admision/bolsas>

Web propia do Máster (sede USC):

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

Web do Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea (administrada pola UAB):

<https://pagines.uab.cat/masterhistoriacontemporanea/>

Web do centro (Facultade de Xeografía e Historia da USC) e Aula virtual de coordinación do Máster na sede USC:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

Ao comezo (setembro) de cada curso académico difúndese (correo electrónico e aula virtual de coordinación) entre o profesorado da titulación e os/as estudantes matriculad@s unha Guía do Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea, na que se recollen todos os aspectos básicos previstos no desenvolvemento dese curso académico.

Tamén ao comezo de cada curso o Equipo de Coordinación do Máster realiza unha sesión de presentación/información con todo o alumnado matriculado.

O último dato disponible sobre a satisfacción dos egresados coa información pública do Máster corresponde ao curso

2017/2018, cunha valoración de 2.60, en ascenso con respecto de anualidades anteriores (IN23M).

Valoración:

En liñas xerais, os procesos de información veñen funcionando correctamente, pero tanto o actual Equipo de Coordinación do Máster como a Comisión Académica do Máster, entendemos que a comunicación e a información sobre o Máster cara ao exterior debe ser parcialmente revisada e mellorada. Deseñáronse unha serie de accións para a mellora da información sobre o título, comezando pola propia web da USC. Os principais problemas detectados teñen que ver coas dificultades de comprensión do proceso de matriculación, o que ten que ver coa organización/estructura do Máster en Módulos Obrigatorios e Optativos, que no caso dos sete módulos de asignaturas optativas son coordinados á súa vez, por sete das universidades participantes. Ademais de facer, dende o actual curso 2020/2021, unha presentación pública do Máster para estudantes de último Grao, estase a elaborar unha Guía para a matriculación que se colgará na páxina web do Máster (sede USC). Outra acción que estamos a valorar é a publicación anticipada (xuño – xullo) da Guía do Máster para estudantes e profesores antes mencionada.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea ten incorporado no seu funcionamento os sistemas de garantía de calidade propios da USC así como os das outras 8 universidades públicas do Estado participantes. Estes sistemas posibilitan a recollida e análise anuais que permiten detectar os puntos fortes e febles da titulación, así como proponden posibles accións de mellora. A este respecto cómpre salientar o Informe Anual de Indicadores elaborado pola Área de Calidade da USC, que serve de guía para as potenciais accións de mellora. A análise dos datos é abordada, na sede da USC, pola Comisión Académica do Máster, na que se debaten e toman as decisións necesarias para a subsanación de posibles problemas.

O funcionamento dos sistemas de garantía de calidade do Máster coordínase pola súa vez coa Comisión de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, da que o coordinador do Máster na sede da USC é membro nato:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sqic.html>

Valoración:

Dispónse dun sistema de calidade, cuxa implantación se está a realizar de maneira progresiva. Recentemente a Xunta de Facultade (25 de xaneiro de 2021) e o Consello de Goberno da USC (3 de marzo de 2021) veñen de aprobar un “Plan Estratégico Ponte 2021 – 2022” para a Facultade de Xeografía e Historia, ao que se adecuará tamén esta titulación, no que fai a sede USC do Máster interuniversitario.

https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Plan-estrategico-ponte_xeografia-e-historia_mod.pdf

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Valoración:

A valoración sobre a implantación do SGIC é positiva e ofrecerá, de aquí en adiante, posibilidades de moito interese e utilidade para a diagnose de accións de mellora no título e para o seu seguimento a posteriori.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Valoración:

Tanto o novo Equipo de Coordinación do Máster como a Comisión Académica do título estamos plenamente convencidos das posibilidades de mellora e seguimento que o SGC representa, sensibilidade que é compartida pola Comisión de Calidade do centro, Facultade de Xeografía e Historia da USC.

https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/mxpaamma/sgic.html

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que imparte o Máster estivo composto na sede da USC no curso 2019/2020 por 18 profesoras e profesores. Entre o PDI con responsabilidades docentes na titulación atopamos PDI funcionario (12); PDI contratado (3) e Investigadores contratados con cargo a diferentes contratos de investigación (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Contratos de posdoutoramento da Xunta de Galicia) (4). Todas e todos os profesores foron docentes das áreas de Historia contemporánea e de Historia de América.

Non dispomos de datos actualizados sobre a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total de PDI con docencia, unha porcentaxe que no último ano con datos (2015 – 2016) era do 100,00 (IN24M). Polo que fai á porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total con responsabilidades docentes no Máster (IN25M) é do 100,00. Do mesmo xeito, o “Informe de Indicadores” elaborado pola área de calidade da USC non ofrece datos actualizados para o IN26M, número de persoal funcionario sobre o total. Os datos máis antigos disponibles, cursos 2014/2015 e 2015/2016 indican porcentaxes en torno ao 69%. Un cálculo aproximado para o curso 2019/2020 situaría esta porcentaxe en torno ao 66,66%, se ben para o curso 2020/2021 xa estaría no 70,58.

En canto á ratio de estudantes por profesor a tempo completo tampouco dispomos de datos actualizados. O último rexistro disponible, correspondente ao curso 2014/2015 a situaba en 1.63 (IN30M). En canto ao número de alumnos/as por grupo de teoría (IN31M) e por grupo de interactiva (IN32M) os últimos datos cos que contamos ofrecen a cifra de 6.87 alumnos/as por grupo de teoría para o curso 2017/2018, dentro das marxes dunha media que se mantén relativamente estable, con subas e baixas sempre moderadas dende o curso 2012/2013; e de 10.14 alumnos/as por grupo interactivo para o curso 2018/2019, o último curso do que contamos con rexistros. En este indicador as variacións anuais foron tamén pouco significativas no último lustro.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 4,16 sobre 5 (IN47M) o que indica unha mellora considerable con respecto dos cursos anteriores dos que contamos con datos.

Na USC existen programas formativos para a actualización docente, que están a disposición do conxunto do profesorado:

<http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>

Valoración:

Os datos aportados demostran que o Máster inteuniversitario en Historia contemporánea conta, na súa sede da USC, o que é extensible ao conxunto de sedes (outras 8), cun persoal docente altamente cualificado e motivado. A este respecto hai que salientar que o 100% dos profesores e profesoras son doutores/as; o alto nivel de implicación de PDI funcionario e a constante preocupación e interese dos sucesivos equipos de coordinación da sede USC do Máster por incorporar investigadores postdoutorais de programas competitivos de alto nivel (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva ou contratos postdoc. da Xunta de Galicia) con gran potencial para transmitir aos estudantes unha visión moi actualizada dos resultados de investigación e dos debates historiográficos en curso nunha ampla variedade de liñas de investigación.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster conta co persoal de administración e servizos vencellado con cada unha das respectivas sedes e centros, o que permite un axeitado funcionamento da titulación dende un punto de vista administrativo. A este respecto o Máster conta na súa sede da USC con: persoal de servizo: 2; persoal de decanato: 2; persoal de administración en departamento: 1; persoal de xestión económica: 1 e persoal de biblioteca: 5.

O persoal de administración e servizos (PAS) conta co seu propio programa de formación:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/pas.html>

En relación con estes aspectos é importante ter en conta o indicador (IN33M) que recolle o grao de satisfacción dos egresados cos servizos e que, no caso deste Máster, era de 4 sobre 5 no último dos cursos para o que dispomos de datos (2017/2018), reforzando unha tendencia ascendente que xa se viña apreciando en anos anteriores.

Valoración:

En liñas xerais é positiva. Hai que salientar o alto nivel de cualificación e experiencia do persoal a cargo das tarefas administrativas e de servizo, se ben no caso do persoal de departamento sería convinte, dada a gran cantidade de cuestións que debe atender, tramitar e resolver, reforzar este servizo con máis persoal.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia deste Máster na sede da USC desenvólvese no edificio da Facultade de Xeografía e Historia. O inmobile conta cunhas condicións axeitadas para o desenvolvemento da docencia. Estase a elaborar un plan director da Facultade de Xeografía e Historia atendendo ao feito de que se trata dun conxunto histórico do século XIX.

De feito, o Máster Interuniversitario en Historia contemporánea, na súa sede da USC conta cunha aula específica (Aula de Máster), situada na mesma ubicación física (antigo Depto de Historia contemporánea) na que se ubican boa parte dos despachos, seminarios e laboratorios adscritos ás áreas de Historia contemporánea e Historia de América. Esta aula de Máster conta con capacidade para 24 persoas, dotada con ordenador, canón de proxección, pantalla e conexión a internet. En caso de necesidade (como aconteceu no curso 2020/2021 por mor da COVID – 19) é posible habilitar outros espazos para a docencia. En particular indicaremos as aulas equipadas con sistemas de conferencia: aulas 10, 13 e 15.

Para o correcto funcionamento das actividades docentes e formativas, así como do traballo autónomo por parte dos/das estudantes, o Máster dispón, na súa sede da USC, do apoio da Biblioteca do centro (Facultade de Xeografía e Historia) e da Rede de Bibliotecas da USC (catálogo, bases de datos, repositorios e acceso a publicacións dixitais centralizados).

Tanto a Facultade, como os espazos físicos nos que se atopan as áreas de Historia de América e de Historia contemporánea, contan con salas de traballo individuais e de grupo. De maneira excepcional, e en caso de necesidade, poderíase chegar a contar coas aulas – seminario do edificio contiguo, a Faultade de Filosofía da USC.

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestructuras.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/servizos.html>

<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>

<http://sp.bugalicia.org/san/subjects/index.php>

Valoración:

A valoración xeral deste apartado é positiva. Malia aos recortes sufridos polo sistema universitario galego nos últimos anos, os recursos materiais da USC e da Facultade de Xeografía e Historia non se teñen resentido de maneira grave, excepto de maneira puntual os relacionados coa adquisición de fondos e subscricións por parte das bibliotecas, situación que se ten superado (relativamente) nos últimos tempos. En este sentido hai que destacar os esforzos realizados polos Grupos de Investigación (HIATAGRA, HISPONA e HistAmérica) das áreas involucradas no Máster, Historia de América e Historia contemporánea, para garantir unha correcta “alimentación” de fondos á biblioteca a través do emprego constante na adquisición de material bibliográfica de fondos económicos obtidos en convocatorias competitivas.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os obxectivos actividades, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están vencellados coas competencias que os/as estudantes deben adquirir en cada un destes aspectos:

Esta información está disponible en diferentes documentos e niveis de acceso, tanto na páxina web do propio Máster (na da sede da USC e na común do Máster interuniversitario), como nas programacións docentes correspondentes a cada unha das materias (obrigatorias e optativas) que conforman a titulación:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9>

<https://pagines.uab.cat/masterhistoriacontemporanea/content/plan-de-estudios>

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/programas.html?plan=4163>

Valoración:

Os resultados do apartado seguinte desta auto – memoria permiten ver que os obxectivos e competencias da titulación se acadan de maneira correcta, tendo en consideración que a defensa e superación dos créditos obrigatorios vencellados ao TFM (20 en este Máster), representa en boa medida unha constatación da satisfacción dos obxectivos e da adquisición das competencias da mesma.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que fai a satisfacción dos/das alumnos/as coa docencia recibida durante o curso 2019/2020, o dato (IN46M) continúa a ser positivo, cun 4,05 sobre 5. Houbo un lixeiro descenso con respecto dos datos de cursos anteriores, por exemplo no curso 2016/2017, o indicador foi de 4.46, e no inmediatamente anterior a este informe, 2018/2019 foi de 4.21. Con todo, no curso 2019/2020 non nos temos alonxado en exceso desta boa media, e non se fai senón reafirmar a estabilidade por riba dos 4 puntos, unha tendencia que se foi amosando e consolidando entre os anos 2011 e 2017.

Outros indicadores son de suma utilidade para a cumprimentación deste apartado da memoria:

- 1) A Taxa de Rendemento (IN34M) foi de 83,05 no curso 2019/2020, seis puntos máis que no curso académico 2018/2019, e mantendo os elevados niveis habituais, arredor de 80 puntos dende que se teñen datos.
- 2) En canto á Taxa de Éxito (IN50M) esta foi para o curso 2019/2020 de 92,31, é dicir, 2,31 puntos por riba da do curso anterior e mantendo a liña dos datos de anos anteriores.
- 3) A Taxa de Avaliación (IN36M) indica tamén unha clara tendencia á alza nos últimos anos, acadando este curso 2019/2020 un 83,05, cifra máxima da serie histórica disponible.
- 4) A Taxa de Graduación (IN37M) acadou tamén no curso 2019/2020 o seu máximo histórico na serie de datos disponibles, cun 75,00 (exceptuando o curso 15/16, no que se acadou un 81,00).
- 5) Polo que fai á Duración media dos estudos (IN38M), esta situouse para o curso 2019/2020 en 1,25. Amosa unha evolución positiva con respecto dos dous anos inmediatamente anteriores e situáse por debaixo da media da serie.
- 6) Da Taxa de Eficiencia dos Titulados (IN39M) non contamos con datos para o curso 2019/2020.
- 7) En canto á Taxa de abandono, esta foi no curso 2019/2020 do 10,00, moi significativamente por debaixo da dos dous cursos inmediatamente anteriores, 2018/2019 (16,67) e 2017/2018 (22,22), o que en si mesmo é un dato moi positivo.
- 8) A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) é de 4.05, dato que xa foi presentado e interpretado nun apartado anterior desta memoria.
- 9) A Taxa de éxito dos egresados (IN50M) foi do 92,31, por riba da dos dous cursos inmediatamente anteriores, 2018/2019 (90) e 2017/2018 (76,40).

Valoración:

En liñas xerais, cremos que os datos anteriores deben ser interpretados e valorados de maneira positiva. Dentro dunhas tendencias xerais equilibradas/homoxéneas ao longo da serie histórica (con algunha excepción ou

variación anual significativa) varias das variables amosan unha evolución moi positiva durante os últimos anos e en particular no que fai ao curso 2019/2020: casos da taxa de eficiencia, da satisfacción coa docencia recibida ou da taxa de abandono, ou a constante redución na duración dos estudos. En todo caso, a Comisión Académica do Máster está a valorar que medidas concretas se poden implementar para acadar unha mellora doutros indicadores.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que respecta á satisfacción do alumnado coa docencia impartida (IN46M), esta foi de 4.05, na liña da obtida nos últimos cursos.

Non temos datos sobre o grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33M). O último dato disponible, para o curso 2017/2018, situaba este indicador nun aceptable 4,00.

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) foi no curso 2019/2020 de 4.16, na liña coas cifras disponibles para anos anteriores, pero cunha clara tendencia á alza.

Valoración:

Non se dispón dun nivel de información axeitado para cubrir correctamente esta parte/apartados da enquisa/memoria. Sería importante poder contar con datos de mellor calidade a fin de levar a cabo/implantar as accións de mellora que fosen precisas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo momento, non dispomos dos datos necesarios para cumprimentar esta parte do informe polo que fai ao Curso 2019/2020.

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
-	

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311727_P.Ind_2019-2020
			4311727_INF.16_2019-2020
			4311727_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311727_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311727_P.Ind_2019-2020
			5075_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311727_P.Ind_2019-2020
			4311727_INF.04_2019-2020
			5075_INF.05_2019-2020
			4311727_INF.06_2019-2020
			4311727_INF.07_2019-2020
			4311727_INF.08_2019-2020
			4311727_INF.09_2019-2020
			5075_INF.10_2019-2020
			5075_INF.11_2019-2020
			4311727_INF.13_2019-2020
			4311727_INF.14_2019-2020
			5075_INF.21_2019-2020
			4311727_INF.22_2019-2020
			4311727_INF.23_2019-2020
4311727_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311727_P.Ind_2019-2020
			4311727_Informe_de_indicadores_2019-2020

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311727_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311727_INF.13_2019-2020
			4311727_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311727_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311727_P.Ind_2019-2020
			4311727_INF.17_2019-2020
			4311727_INF.18_2019-2020
			4311727_INF.19_2019-2020
			4311727_INF_SIIU_2019-2020
			4311727_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311727_P.Ind_2019-2020
			4311727_INF.CIUG_2019-2020
			4311727_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311727_EIL-SIIU_2019-2020 4311727_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4311727_P.Ind_2019-2020 4311727_Informe_de_indicadores_2019-2020 4311727_MedUSC_2019-2020

